



## Concello de Meaño

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2023 (PLN/2023/12).

#### ASISTENTES

	GRUPO POLÍTICO
<b><u>ALCALDE, que preside:</u></b>	
D. Carlos Vieitez Fernández	VEDM
<b><u>CONCELLEIROS:</u></b>	
Dª Mercedes Cousido García	VEDM
Dª Raquel Balboa Torres	VEDM
D. Jorge Besada Serén	VEDM
Dª Belén Mosteiro Lobato	VEDM
Dª Sheila Feteira Santos	VEDM
D. Ramón Tilve Castro	VEDM
D. Ramón Alfonso Piñeiro	VEDM
Dª Cristina Castro Pintos	MI
D. José Manuel Asperez Montes	MI
D. José Angel Lubian Barreiro	MI
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	PP
Dª Rosana Domínguez Rey	BNG
<b><u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u></b>	
<b><u>SECRETARIA:</u></b>	
Dª Mª Teresa Escudero Barral	

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 30 de novembro de 2023, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos/as asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

#### **A) Parte resolutiva**

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 30-10-23 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA 10-11-23.-

O Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros aproba a acta correspondente á sesión extraordinaria de data 30-10-2023 e extraordinaria e urxente de data 10-11-2023.

2º.- ADHESIÓN AO PROGRAMA DE RECICLAXE A TRAVÉS DAS PLANTAS DE COMPOSTAXE PROMOVIDAS POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A..(EXP.: 946/2023).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga en relación con este asunto e reiterada ao Pleno da Corporación, cuxo tenor literal é o seguinte:





## Concello de Meaño

“Vista a comunicación remitida ao Concello de Meaño, con data 03-10-2023, n.º de rexistro de entrada 2023-E-RE-1875, pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. á que se axunta o modelo de adhesión ao Programa de reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA).

Considerando que, segundo recolle o artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o punto 2 do artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, é competencia propia e obrigatoria dos concellos o “... **servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos...**”.

Considerando que, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, establece unha serie de medidas de obrigado cumprimento que determina a necesidade de adaptar o servizo de recollida de lixo; así antes do 31 de decembro de 2023, os concellos deberán ter implantada a recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación dun quinto contenedor de cor marrón.

Considerando que, a disposición adicional segunda da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, prevé que a consellería competente en materia de residuos, a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (Sogama), e dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, estableceu un programa específico de promoción da reciclaxe, que se configura como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento de residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso de recursos públicos, mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe que dará servizo a aqueles concellos, máis próximos, que decidan adherirse, ata esgotar a súa capacidade de tratamento.

Considerando que, a adhesión dos concellos interesados para a entrega e o tratamento na nova planta da fracción orgánica dos residuos urbanos (Forsu) recollida de forma separada efectuarase voluntariamente mediante acordo de adhesión, que será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., como xestora institucional, de acordo coas condicións de adhesión establecidas e os modelos contidos na Resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Considerando que, ao carecer de medios e de capacidade, coa adhesión a este sistema se conseguirá un fin concorrente que é acadar sen duplicidades o mellor resultado ambiental global no tratamento de residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso de recursos públicos.

A vista do que antecede e do informe emitido pola secretaria-interventora; e o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- A adhesión do Concello de Meaño ao Programa de reciclaxe a través da planta de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., segundo as condicións da carta de adhesión remitida pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. e as recollidas no ANEXO I da Resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as condicións para a adhesión dos concellos ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. .

2º.- Subscibir o correspondente convenio de adhesión nos termos e as condicións da carta de adhesión remitida pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. e as recollidas no ANEXO II da Resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sinalada.

3º.- Facultar ao Sr. alcalde tan amplamente como sexa preciso para a sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución desta acordo.”





## Concello de Meaño

Despois dunha breve deliberado, sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece mebro, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- A adhesión do Concello de Meaño ao Programa de reciclaxe a través da planta de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do medio Ambiente, S.A., segundo as condicións da carta de adhesión remitida pola Sociedade Galega do medio Ambiente, S.A. e as recollidas no ANEXO I da Resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as condicións para a adhesión dos concellos ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. .

2º.- Subscribir o correspondente convenio de adhesión nos termos e as condicións da carta de adhesión remitida pola Sociedade Galega do medio Ambiente, S.A. e as recollidas no ANEXO II da Resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sinalada.

3º.- Facultar ao Sr. alcalde tan amplamente como sexa preciso para a sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución desta acordo.

3º.- ALTA DA PRAZA PÚBLICA DE DENA, SITUADA NA RÚA PONTE DENA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP.: 952/2023).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Especial de Contas en relación con este asunto e reiterada ao Pleno da Corporación, cuxo tenor literal é o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de decembro de 2017, acordou:*

*“1º.- Adxudicar a GRUPO INFERGA, S.L., CIF B36514669, a adquisición, a título oneroso, mediante adquisición directa, ao amparo do artigo 116 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, e polo prezo de 69.850,00 €, o inmoble:*

*PARCELA A*

- a) Situación xeográfica: R/Ponte Dena (Dena)*
- b) Denominación: Prado de Faxín*
- c) Referencia catastral: 5500027NG1959N0001IM*
- d) Superficie: 1.397 m<sup>2</sup> segundo medición e 1.674 m<sup>2</sup> segundo documento de compraventa autorizada polo notario de O Grove, D. pablo Pazos Otero o día 30-06-2011, nº de protocolo 731/2011.*
- e) Lindeiros:*
  - Actuais: Norte, M<sup>a</sup> Josefa Áspres Campos; Sur, M<sup>a</sup> Josefa Ferreira Vázquez; Este, vial municipal de*





## Concello de Meaño

acceso a Sexitos e Oeste río da Chanca.

- Segundo documento de compraventa autorizada polo notario de O Grove, D. Pablo Pazos Otero o día 30-06-2011, nº de protocolo 731/2011, Norte, Horacio Cacabelos Rey; Sur, Concepción Cacabelos Rey; Este, gabia de auga por donde ten entrada e Oeste Río a Chanca

f) Destino do ben: Praza e aparcamento público.

2º.- Adxudicar a Mª Josefa Ferreira Vázquez, DNI 36084205B, e a D. Manuel Diz Martínez, DNI 35455174F, a adquisición, a título oneroso, mediante adquisición directa, ao amparo do artigo 116 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, e polo prezo de 50.600,00 €, o inmovible:

### PARCELA B

a) Situación xeográfica: R/Ponte Dena (Dena)

b) Denominación: Prado de Faxín

c) Referencia catastral: 5500028NG1959N0001JM

d) Superficie: 1.012 m<sup>2</sup> segundo medición e 1.066 m<sup>2</sup> segundo documento de herdanza autorizado polo notario de Cambados o día 29-10-1953, nº 648 de Dª Balbina Rey Méndez a favor de Dª Concepción Cacabelos Rey.

e) Lindeiros:

- Actuais: Norte Grupo Inferga, S.L.; Sur, Hros. Cacabelos Rey; Este, vial municipal de acceso a Sexitos e Oeste río da Chanca.

- Segundo documento de documento de herdanza autorizado polo notario de Cambados o día 29-10-1953, nº 648, Norte, Maximino Rey; Sur Ángela Rey Méndez; Este gabia de auga e Oeste río da Chanca.

f) Destino do ben: Praza e aparcamento público.

3º.- Adxudicar a Rosa Rita Cacabelos Aspres, con DNI 35315041J, e a Dª. Mª Jose Aspres Campos, con DNI 76851137H, a adquisición, a título oneroso, mediante adquisición directa, ao amparo do artigo 116 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, e polo prezo de 2.300,00 €, o inmovible:

### PARCELA C

a) Situación xeográfica: R/Ponte Dena (Dena)

b) Denominación: Prado de Faxín

c) Referencia catastral: 5500029NG1959N0001EM

d) Superficie: 46 m<sup>2</sup> segundo medición e catro concas segundo documento de herdanza autorizada polo notario de Cambados, D. José Ángel Dopico Álvarez o día 09-09-2003, nº de protocolo 1633, afectado polo expediente de expropiación tramitado pola Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas.

e) Lindeiros:

- Actuais: Norte Mª Josefa Ferreira Vázquez e D. Manuel Diz Martínez; Sur e Este EP 550 e Oeste río da Chanca.

- Segundo documento de herdanza autorizada polo notario de Cambados, D. José Ángel Dopico Álvarez o día 09-09-2003, nº de protocolo 1633, Norte hros. Balbina Rey e Sur camiño.

f) Destino do ben: Praza e aparcamento público.”

Formalizándose en escritura pública ante a notaría de Cambados Dª M.ª Elena Loira Pastoriza con data 03-01-2018, con n.º de protocolo 6, 7 e 8; presentando así mesmo o acordo de agrupación no Rexistro de Propiedade de Cambados con data 23-03-2018.





## Concello de Meaño

Previa tramitación do correspondente expediente de contratación e execución da obra “Proxecto de urbanización para praza pública ba Rúa Ponte Dena”, con data 16-01-2020 formalízase a correspondente acta de recepción, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 1 de xuño de 2020.

O devandito ben non se atopa inscrito no inventario municipal de bens do Concello de Meaño.

O arquitecto municipal, con data 21-11-2023, formula ficha do devandito ben para a inclusión no Inventario Municipal de bens e dereitos.

Segundo determinan os artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local e 17 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, as Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen e que se rectificará anualmente; regulando o artigo 18 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que os bens e dereitos que se lle incorporen ao Inventario, apuntásenlle, por separado, segundo a súa natureza, agrupándoos en algún dos epígrafes dos sinalados no mesmo.

A vista do que antecede e do informe emitido pola secretaria-interven, e o dictame favorable da Comisión Especial de Contas, proponlle ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a actualización puntual do Inventario de bens e dereitos do Concello de Meaño, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 2012, coa inclusión do ben inmovible denominado “Praza pública de Dena”, segundo a ficha elaborada polo arquitecto municipal con data 21-11-2023.

2º.- Dar de alta no Inventario de bens e dereitos do Concello de Meaño, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 2012, o seguinte ben inmovible:

### DATOS GENERALES:

Descripción del bien. PLAZA PÚBLICA DE DENA

Situación. RÚA PONTE DENA (Lindando Con el Río da Chanca y la PO-550)

Naturaleza DOMINIO PÚBLICO

Uso. USO PÚBLICO

Estado MUY BUENO

Lugar. RÚA PONTE DENA (DENA)

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Patrimonio. PARQUES Y JARDÍNES

Epígrafe. INMUEBLES

Cuenta. 212 INFRAESTRUTURAS

Fecha de entrega al uso público. 16-1-2020 (ACTA DE RECEPCIÓN)

### DATOS DE ADQUISICIÓN:

Fecha de adquisición.. COMPRA DE TERRENOS EN TRES ESCRITURAS DE 3-1-2018

Provedores. GRUPO INFERGA SL (1.397 M<sup>2</sup>), M<sup>a</sup> JOSEFA FERREIRA VÁZQUEZ y MANUEL DIZ MARTÍNEZ (1.012 M<sup>2</sup>), ROSA RITA CACABELOS ASPRES (46 M<sup>2</sup>)

Tipo de acuerdo. COMPRA-VENTA DE TERRENO A LOS TRES PROPIETARIOS

Título de adquisición. ESCRITURAS PÚBLICAS ANTE LA NOTARIA DE CAMBADOS DÑA. MARÍA ELENA LOIRA PASTORIZA, DE FECHA 3-1-2018 Y NÚMEROS DE PROTOCOLO SEIS, SIETE Y OCHO. AGRUPACIÓN REGISTRADA EN EL REGISTRO DE CAMBADOS, TOMO 1555, LIBRO 107 DE MEAÑO,







## Concello de Meaño

FOLIO 26 Y FINCA NÚMERO 10.185

Coste terreno. GRUPO INFERGA SL 69.850 €, M<sup>a</sup> JOSEFA FERREIRA VÁZQUEZ y MANUEL DIZ MARTÍNEZ 50.600 €, ROSA RITA CACABELOS ASPRES 2.300 €, COSTE TOTAL DE LOS TERRENOS: 122.750 €

Coste estimado const. 350.000,00 €

Superficie. 2.455 M<sup>2</sup>

Lindes. NORTE: PARCELA CATASTRAL 5500026NG199N; SUR: CARRETERA PO-550 (RÚA PONTE DENA); ESTE: CARRETERA MUNICIPAL D-48 HACIA OS PASALES; OESTE: RÍO DA CHANCA

Características. PLAZA PÚBLICA PAVIMENTADA DOTADA DE ZONAS AJARDINADAS CON ÁRBOLES (CON RIEGO AUTOMÁTICO), PUNTUAL USO DE APARCAMIENTO Y SENDA JUNTO AL RÍO.

3º.-Comunicar a Catastro e ao Rexistro da Propiedade de Cambados a súa anotación como ben inmovible de dominio público afecto a un uso público.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Aprobar a actualización puntual do Inventario de bens e dereitos do Concello de Meaño, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 2012, coa inclusión do ben inmovible denominado “Praza pública de Dena”, segundo a ficha elaborada polo arquitecto municipal con data 21-11-2023.

2º.- Dar de alta no Inventario de bens e dereitos do Concello de Meaño, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 2012, o seguinte ben inmovible:

### DATOS GENERALES:

Descripción del bien. PLAZA PÚBLICA DE DENA

Situación. RÚA PONTE DENA (Lindando Con el Río da Chanca y la PO-550)

Naturaleza. DOMINIO PÚBLICO

Uso. USO PÚBLICO

Estado: MUY BUENO

Lugar. RÚA PONTE DENA (DENA)

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Patrimonio. PARQUES Y JARDINES

Epígrafe. INMUEBLES

Cuenta. 212 INFRAESTRUTURAS

Fecha de entrega al uso público. 16-1-2020 (ACTA DE RECEPCIÓN)





## Concello de Meaño

### DATOS DE ADQUISICIÓN:

Fecha de adquisición. COMPRA DE TERRENOS EN TRES ESCRITURAS DE 3-1-2018

Proveedores. GRUPO INFERGA SL (1.397 M<sup>2</sup>), M<sup>a</sup> JOSEFA FERREIRA VÁZQUEZ y MANUEL DIZ MARTÍNEZ (1.012 M<sup>2</sup>), ROSA RITA CACABELOS ASPRES (46 M<sup>2</sup>)

Tipo de acuerdo. COMPRA-VENTA DE TERRENO A LOS TRES PROPIETARIOS

Título de adquisición. ESCRITURAS PÚBLICAS ANTE LA NOTARIA DE CAMBADOS DÑA. MARÍA ELENA LOIRA PASTORIZA, DE FECHA 3-1-2018 Y NÚMEROS DE PROTOCOLO SEIS, SIETE Y OCHO. AGRUPACIÓN REGISTRADA EN EL REGISTRO DE CAMBADOS, TOMO 1555, LIBRO 107 DE MEAÑO, FOLIO 26 Y FINCA NÚMERO 10.185

Coste terreno.GRUPO INFERGA SL 69.850 €. M<sup>a</sup> JOSEFA FERREIRA VÁZQUEZ y MANUEL DIZ MARTÍNEZ 50.600 €, ROSA RITA CACABELOS ASPRES 2.300 €

COSTE TOTAL DE LOS TERRENOS: 122.750 €

Coste estimado const. 350.000,00 €

Superficie. 2.455 M<sup>2</sup>

Lindes. NORTE: PARCELA CATASTRAL 5500026NG199N; SUR: CARRETERA PO-550 (RÚA PONTE DENA); ESTE: CARRETERA MUNICIPAL D-48 HACIA OS PASALES

OESTE: RÍO DA CHANCA

Características. PLAZA PÚBLICA PAVIMENTADA DOTADA DE ZONAS AJARDINADAS CON ÁRBOLES (CON RIEGO AUTOMÁTICO), PUNTUAL USO DE APARCAMIENTO Y SENDA JUNTO AL RÍO.

3º.-Comunicar a Catastro e ao Rexistro da Propiedade de Cambados a súa anotación como ben inmovible de dominio público afecto a un uso público.

4º.- MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. CONCESIÓN DE USO DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS EN DIFERENTES EMPRAZAMENTOS DOS CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. (EXP.: 949/2023).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga en relación con este asunto e reiterada ao Pleno da Corporación, cuxo tenor literal é o seguinte:





## Concello de Meaño

“Visto o modelo de proposta de acordo remitido pola presidenta da Mancomunidade do Salnés, con data de rexistro de entrada no rexistro do Concello de Meaño 01/10/2023, n.º 2023-ER-4321, en relación co asunto de referencian, cuxo tenor literal é o seguinte:

“No ámbito das enerxías renovables relativas á automoción, resulta axeitado contar con puntos de recarga de vehículos eléctricos; sendo numerosas as Administracións Públicas que están levando a cabo adjudicacións, mediante contratos de arrendamento ou concesión, de puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Concedida á Mancomunidade do Salnés unha subvención, con cargo ao “Plan Nacional de sostenibilidade turística en destinos Xacobeos”. Subproxecto: “Posta en valor da orixe de tódolos camiños Xacobeos. Actuación 6: “Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no entorno de sendas e puntos turísticos”.

A través de dita actuación, a Mancomunidade pretende a contratación conxunta da concesión do uso de espazos para a instalación, mantemento e explotación de puntos de recarga en distintos Concellos da Mancomunidade, por resultar máis eficiente a implantación de ditos puntos a nivel comarcal.

Mantidas reunións con representantes dos Concellos, ao obxecto de sinalar os espazos idóneos para a implantación de puntos de recarga de vehículos eléctricos; procedeuse a elaborar a documentación técnica das distintas prazas, que afectan a zonas de dominio público dos Concellos.

Resultando ser unha competencia propia dos Concellos, as autorizacións ou concesións do uso privativo do dominio público; faise precisa a tramitación dos correspondentes expedientes de mutación demanial por parte destes a favor da Mancomunidade, como paso previo para que ésta tramite, mediante licitación pública, o expediente para a concesión da instalación, mantemento e explotación dos puntos de recarga de vehículos eléctricos nos Concellos interesados.

Vista a documentación remitida pola Mancomunidade relativa á actuación: “Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no entorno de sendas e puntos turísticos”, no ámbito do proxecto: “Plan Nacional de sostenibilidade turística en destinos Xacobeos”.

Estando prevista a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos neste este Concello en zonas de dominio público, cuxa delimitación figura na documentación técnica aportada pola Mancomunidade; resulta preciso a tramitación de expediente de mutación demanial, regulado no art 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa aplicación ás entidades locais recolle a D.A 2ª de dita Lei.

Por tanto, esta Alcaldía propón ao Concello pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, dos seguintes espazos públicos deste Concello que se describen a continuación:

- Dúas prazas de aparcamento para vehículo eléctrico na Plaza Nueva Dena en Meaño, con coordenadas 42.449110, -8.815845. de acordo a planos anexos.

2º.- Aprobar a mutación demanial de ditos espazos, baixo estas condicións:

a) O Concello conserva a titularidade do ben, que non varía a cualificación xurídica.

b) O período de duración da mutación demanial coincidirá co período da concesión a tramitar pola Mancomunidade, que está prevista en 15 anos máis 5 anos de prórroga.

c) O ben volverá ao uso do Concello, ao finalizar a concesión e no caso de que non se leve a cabo a instalación dos puntos de recarga.







## Concello de Meaño

3º.- Autorizar ao Sr./Sra. Alcalde/esa a tramitación e sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.”

*Vistos informes emitidos polo arquitecto municipal e a secretaria-interventora, e o dictame favorable da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente ciclo da auga, proponlle ó Pleno da Corporación a adopción do acordo proposto.”*

Despois dunha breve deliberado, sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece mebros, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga, acorda:

1º.- Aprobar a mutación demanial a favor da Mancomunidade do Salnés, dos seguintes espazos públicos deste Concello que se describen a continuación:

- Dúas plazas de aparcamento para vehículo eléctrico na Plaza Nueva Dena en Meaño, con coordenadas 42.449110, -8.815845. de acodo aos planos anexos.

2º.- Aprobar a mutación demanial de ditos espazos, baixo estas condicións:

- a) O Concello conserva a titularidade do ben, que no varía a cualificación xurídica.
- b) O período de duración da mutación demanial coincidirá co período da concesión a tramitar pola Mancomunidade, que está prevista en 15 anos máis 5 anos de prórroga.
- c) O ben volverá ao uso do Concello, ao finalizar concesión e no caso de que non se leve a cabo a instalación dos puntos de recarga.

3º.- Autorizar ao Sr. Alcalde a tramitación e sinatura de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.

5º.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN E PRESCRICIÓN POLAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE UNS 219 M<sup>2</sup> DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO Á REALIZACIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE CALDERERÍA NO BOMBEO DE PASALES-MEAÑO (PONTEVEDRA) E A REGULARIZACIÓN DAS INSTALACIÓN EXISTENTES, NO LUGAR DE OS PASALES-DENA, T.M. DE MEAÑO (PONTEVEDRA) (EXP.: 481/2022).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga en relación con este asunto e reiterada ao Pleno da Corporación, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Con data 21/11/2023, n.º de rexistro de entrada 2023-E-RC-4944, ten entrada no Concello de Meaño oficio de traslado da “DOCUMENTACIÓN RELATIVA AL SOMETIMIENTO DE LA ACEPTACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE MEAÑO DE LAS CONDICIONES Y PRESCRIPCIONES POR LAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE UNS 219 M<sup>2</sup> DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO





## Concello de Meaño

**MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO Á REALIZACIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE CALDERERÍA NO BOMBEO DE PASALES-MEAÑO (PONTEVEDRA) E A REGULARIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES, NO LUGAR DE OS PASALES-DENA, T.M. DE MEAÑO (PONTEVEDRA)”.**

*Segundo se sinala no devandito oficio e na Resolución de concesión de ocupación de uns 219 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo-terrestre con destino á realización do proxecto “Renovación de calderería no bombeo de Pasales-Meaño (Pontevedra)” e a regularización das instalacións existentes, no lugar de os Pasales-Dena, T.M. de Meaño (Pontevedra), deberá contestarse coa aceptación expresa antes de transcorridos DEZ DÍAS, a partir da data de recibo desta notificación; en caso contrario declararase concluído o expediente por desistimento do petionario.*

*A vista do que antecede e considerando que a aceptación deberá facerse polo Pleno da Corporación; e o dictame favorable da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na Resolución da Dirección General de la Costa y el Mar, de data 15-11-2023, en concesión de ocupación de uns 219 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo-terrestre con destino á realización do proxecto “Renovación de calderería no bombeo de Pasales-Meaño (Pontevedra) e á regularización das instalacións existentes, no lugar de Os paseles-Dena, T.M. de Meaño (Pontevedra).*

*2º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.”*

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións (da concelleira do BNG e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e nove votos a favor (do concelleiro do PP e dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga, acorda:

*1º.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na Resolución da Dirección General de la Costa y el Mar, de data 15-11-2023, de concesión de ocupación de uns 219 m<sup>2</sup> de bens de dominio público marítimo-terrestre con destino á realización do proxecto “Renovación de calderería no bombeo de Pasales-Meaño (Pontevedra) e á regularización das instalacións existentes, no lugar de Os pasales-Dena, T.M. de Meaño (Pontevedra).*

*2º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.*

**6º.- PRÓRROGA DO 4º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MEAÑO”. (EXP.: 109/2019).-**

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade en relación con este asunto e reiterada ao Pleno da Corporación, cuxo tenor literal é o seguinte:





## Concello de Meaño

*“O Pleno da Corporación, en sesión de data 11 de febreiro de 2019, acorda aprobar o 4º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MEAÑO “SEMPRE IGUAIS” 2018-2023.*

*Segundo se sinala no bloque*

### *“6. PERÍODO DE VIXENCIA*

*O 4º Plan de Igualdade do Concello de Meaño establece un período de vixencia de cinco anos, o transcrito do 2018 ao 2023.*

*En todo caso, previo informe técnico, podería aprobarse en Pleno unha prórroga de ata dous anos máis, co obxecto de que durante dito período, se simultanearán a execución das actuacións pendentes coa súa avaliación global, procedendo posteriormente á elaboración dun novo plan estratéxico de igualdade tendo en conta a avaliación realizada e, deste xeito, continuar dando unha resposta ás situacións de desigualdade que se detecten e alcanzar unha maior equidade entre as mulleres e os homes no Concello de Meaño.”*

*Visto o informe da traballadora social do Concello de Meaño e o dictame favorable da Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Prorrogar por dous anos máis, 2024 e 2025, a vixencia do 4º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MEAÑO “SEMPRE IGUAIS”.*

*2º.- Simultanear a execución das actuacións pendentes coa súa avaliación global, procedendo posteriormente e neste período de dous anos á elaboración dun novo plan estratéxico de igualdade.”*

Despois dunha breve deliberación e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (da/o concelleira/o do Grupo Mixto e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade, acorda:

*1º.- Prorrogar por dous anos máis, 2024 e 2025, a vixencia do 4º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MEAÑO “SEMPRE IGUAIS”.*

*2º.- Simultanear a execución das actuacións pendentes coa súa avaliación global, procedendo posteriormente e neste período de dous anos á elaboración dun novo plan estratéxico de igualdade.*





## Concello de Meaño

7º.- ESCRITO DE MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MI PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA A SOLUCIONAR OS PROBLEMAS E DEFICIENCIAS DE RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA PO 550. (EXP.: 956/2023).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra a voceira do Grupo Municipal MI, D<sup>a</sup> Cristina Castro Pintos, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 16/11/2023, nº 2023-E-RE-2161, cuxo tenor literal é o seguinte:

*“En Meaño a 16 de novembro de 2023*

*Eu, D<sup>a</sup> Cristina Castro Pintos, con DNI nº \*\*\*2452\*\*, como voceira do grupo de Concelleiros VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE, a través do presente escrito,*

*EXPOÑO: Que pola parroquia de Dena transcorre a estrada autonómica PO 550. Que dita estrada sufriu unha reforma coa que se pretendía mellorar a seguridade vial da mesma no tramo urbano de Dena, anque o resultado da reforma non fora a mellora esperada.*

*Ademais nesta reforma tamén se actuou nos sumidoiros que deben recoller as augas pluviais. En concreto a altura da Rúa Ponte Dena nº5, o sumidoiro que debería recoller as augas pluviais ten unha altura insuficiente que provoca que cando chove en grandes cantidades , a auga entre para o garaxe deste edificio, provocando inundacións cos conseguintes desperfectos e inconvincentes para as veciñas e os veciños*

*MANIFESTAMOS: Que posto que esta estrada é de titularidade autonómica. Que é preciso facer unha revisión das deficiencias dos elementos que deben ser a vía para a recollida e canalización das augas pluviais para posteriormente proceder á súa reforma ou ó método máis axeitado para dar solución a este problema que provoca grandes trastornos para os veciños e veciñas*

*Por todo o anterior, presentamos a seguinte*

*MOCIÓN:*

*Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño:*

*-Instar á Xunta de Galicia, titular da estrada, a través da responsable do Servizo como é Estradas de Galicia, a solucionar os problemas e deficiencias que hai na rede de sumidoiros de recollida de pluviais na Estrada PO 550, especialmente á altura da Rúa Ponte Dena nº 5”*

Despois dunha breve deliberación e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga, acorda:

Instar á Xunta de Galicia, titular da estrada, a través da responsable do Servizo como é Estradas de Galicia, a solucionar os problemas e deficiencias que hai na rede de sumidoiros de recollida de pluviais na Estrada PO 550, especialmente á altura da Rúa Ponte Dena nº 5.





## Concello de Meaño

### B) Parte de información e control

8º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE 2023. (EXP.: 115/2023).-

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, o Sr. alcalde-presidente da conta do período medio de pago a provedores do Concello de Meaño, correspondente ao 3º trimestre 2023:

Período	Ratio operacións pagadas (días)	Importe pagos realizados (€)	Ratio operacións pendentes de pago (días)	Importe pagos pendientes (€)	Período medio de pago global a provedores trimestral (días)
3º Trimestre 2023	9,32	725.543,94	1,00	122.071,77	8,12

Queda dado conta

9º.- DAR CONTA DO INFORME DE CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE 2023 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2014, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DA LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. (EXP.: 115/2023).-

De conformidade co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Sr. alcalde-presidente da conta dos prazos de pago de obrigas durante o 3º trimestre 2023:

#### PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE- 3º TRIMESTRE/2023

Período medio de pagamento	Dentro do período legal		Fora do período legal	
	Nº de pagos	Importe total	Nº de pagos	Importe total
24,80	310	716.510,12	1,00	9.033,82

#### INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO- 3º TRIMESTRE/2023

Intereses de demora pagados no período
--







## Concello de Meaño

N.º pagamentos	Importe total intereses
0	0,00

### FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TRIMESTRE- 3º TRIMESTRE/2023

Período medio do pendente de pagamento	Dentro do período legal a final do trimestre		Fora del período legal a final de trimestre	
	Nº de operacións	Importe total	Nº de pagos	Importe total
23,06	197,00	296.143,87	2,00	5.028,16

Queda dado conta

### 10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Alcaldía, no período comprendido entre o día 28-09-2023, nº 2023-613 e o día 30-11-2023, n.º 2023- 770:

nome;data;resumo;registro;procedemento;Data de anulación;razón;Estado

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0770 [RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA];30/11/2023 14:27;RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MESTRE MÚSICA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEAÑO;974/2023;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0769 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MEAÑO NO PROXECTO ESTRATÉXICO PARA A DIXITALIZACIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DESTINADO AOS CONCELLOS DE PROVINCIA DE PONTEVEDRA];30/11/2023 13:44;ADHESIÓN AO PROXECTO ESTRATÉXICO PARA A RECUPERACIÓN E TRANSFORMACIÓN ECONÓMICA (PERTE) NO EIDO DA DIXITALIZACION. ADHESIÓN DO CICLO DA AUGA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL --;872/2023;Subvencións Solicitadas a Outra Administración;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0768 [Relacion aprobacion novembro];30/11/2023 11:31;Relación de aprobación de facturas mes de novembro.;38/2023;Pagos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0767 [Relacion orden e transferencia novembro];30/11/2023 11:31;Relacion de orden e transferencia de pagos mes de novembro;38/2023;Pagos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0766 [RESOLUCIÓN DE APROBACION DA FACTURA 23 11 PROGRAMA EDUCANDO PARA A IGUALDADE];30/11/2023 10:26;APROBACIÓN FACTURA Nº 23 11 PROGRAMA EDUCANDO EN IGUALDADE;162/2023;Subvencións Solicitadas a Outra Administración;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0765 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE FACTURA 1 002310 DE ELADIO RIVEIRO DE DIRECCIÓN TEMPORAL DA OBRA EFICIENCIAENERXETICA PAVILLÓN MEAÑO];30/11/2023 10:26;APROBACION DA FACTURA 1 002310 EMITIDA POR ELADIO RIVEIRO DIRECCIÓN E COORDINACIÓN TEMPORAL DA OBRA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE MEAÑO.;284/2023;Subvencións Solicitadas a Outra Administración;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0764 [Resolucion de reparos e validacion de gastos mes de novembro];30/11/2023 10:26;Resolución de reparos e validacions pagos mes de novembro.--;38/2023;Pagos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0763 [Resolución Alta no Padrón municipal de habitantes];29/11/2023 14:31;SIA 2939319 --- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;709/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa





## Concello de Meaño

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0762 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.G.M];29/11/2023 14:31;SIA 2939319 - Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;709/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0761 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.P.G];29/11/2023 14:31;SIA 1497631 --- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;724/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0760 [Decreto da convocatoria XGL];29/11/2023 13:42;Expediente JGL/2023/22 -- Convocatoria;JGL/2023/22;Convocatoria de A Xunta de Goberno Local;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0759 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio E.M.S];29/11/2023 13:40;SIA 2939319 -- Cambio de domicilio dentro do municipio --;980/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0758 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes B.P.P];29/11/2023 11:23;SIA 1497631 ---- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;978/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0757 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.R.A];29/11/2023 11:23;SIA 1497631 -- - Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;697/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0755 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes R.M.M];29/11/2023 11:23;SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;708/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0756 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes A.I.M];29/11/2023 11:23;SIA 1497631 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;697/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0754 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes I.G.O];29/11/2023 9:36;SIA 1497631 -- Expediente 651/2023 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;651/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0753 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes V.G.C];29/11/2023 9:36;SIA 1497631 -- Expediente 651/2023 -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;651/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0752 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes V.G.B];29/11/2023 9:36;SIA 1497631 -- -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;671/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0751 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes T.S.M];28/11/2023 14:50;SIA 1497631 - -- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;977/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0750 [RESOLUCION DE ALCALDIA];28/11/2023 12:20;SIA 1497471 -- 700 Servicios Sociales -- Expediente 67/2023 -- Vale para adquisición de produtos de primeira necesidade, hixiene e limpeza do Programa Emerxencia Social ano 2023: mes de novembro --;67/2023;Servizos Sociais;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0749 [RESOLUCION AUTORIZACION TIRADA FOGOS - 10 DE DECEMBRO EN XIL (SANTA EULALIA) - PIROTECNIA LOPEZ];28/11/2023 10:10;Expediente 973/2023 - RESOLUCION TIRADA DE FOGOS O 10 DE DECEMBRO EN XIL (SANTA EULALIA) - PIROTECNIA LOPEZ;973/2023;Declaracións Responsables ou Comunicacións de Actividades e Espectáculos Públicos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0748 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes M.M.P];27/11/2023 14:59;SIA 2939319 ---- Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;968/2023;Padrón Municipal de Habitantes;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0746 [RESOLUCION LISTA PROVISIONAL TECNICO/A ESCOLA INFANTIL];27/11/2023 12:14;SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 844/2023 -- Múltiples interesados -- BOLSA EMPREGO PRAZA TÉCNICO ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS -- - RESOLUCION LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS;844/2023;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0745 [RESOLUCION LISTA PROVISIONAL BOLSA COIDADOR PLAN MADRUGA E COMEDOR];27/11/2023 12:14;SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 845/2023 -- Múltiples interesados -- BOLSA COIDADOR/A PLAN MADRUGA E COMEDOR ESCOLAR -- - RESOLUCION LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS;845/2023;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0747 [RESOLUCION LISTA PROVISIONAL BOLSA MESTRE/A ESCOLA INFANTIL];27/11/2023 12:14;SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 843/2023 -- Múltiples interesados -- BOLSA EMPREGO PRAZA MESTRE EDUCACIÓN INFANTIL 0-3 ANOS -- RESOLUCION LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS;843/2023;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0744 [Decreto da convocatoria Pleno];27/11/2023 12:13;Expediente PLN/2023/12 -- Convocatoria;PLN/2023/12;Convocatoria de O Pleno;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0743 [RESOLUCION AUTORIZACION TIRADA FOGOS - 9 DE DECEMBRO EN XIL - PIROTECNIA MILLARENGO];27/11/2023 9:59;270 Permisos Medio Ambiente - Expediente 966/2023 - RESOLUCION TIRADA DE FOGOS O DÍA 9 DE DECEMBRO EN XIL - PIROTECNIA MILLARENGO -;966/2023;Declaracións Responsables ou Comunicacións de Actividades e Espectáculos Públicos;;;subscricións completa

RESOLUCION DE ALCALDIA 2023-0742 [RESOLUCION SOLICITUDE EXCEDENCIA VOLUNTARIA CELIA OLIVARES PEREZ BUSTOS];24/11/2023 16:16;RESOLUCIÓN EXCEDENCIA VOLUNTARIA CELIA OLIVARES PÉREZ BUSTOS;880/2023;Excedencias e outras Situacións Administrativas;;;subscricións completa

